



Seguirmos na loita para forzar un verdadeiro cambio

Transcorridos cinco meses das eleccións xerais, o Goberno do Estado segue en funcións. Esta é unha mostra máis da incapacidade das forzas da esquerda española para chegar a acordos e encetar un cambio real das políticas que leven á derogación das reformas laborais, das pensións e da negociación colectiva. Unha incapacidade que acrecenta a frustración social e favorece o proceso de fascistización.

A ausencia do Goberno central e a inacción do galego, máis preocupado por aparentar unha posición crítica que por exercer as súas competencias, levan a que ás portas do anuncio dunha nova recesión a situación de Galiza sexa peor que en 2008: consolídanse os empregos precarios, de escasa duración e mal remunerados; perden peso as rendas salariais no PIB; desmantélanse os sectores produtivos básicos; destrúese tecido industrial (Poligal, Maderas Iglesias, Vulcano) e ameázase a continuidade do pouco que queda por falta dunha política industrial propia (electrointensivas, automoción, naval público e privado, etc.).

Dentro desta lóxica, a única saída para Galiza céntrase no fomento da eucaliptización, do turismo depredador (baixo o paraugas do Camiño de Santiago) e por fiar a creación de emprego e a dinamización económica ás decisións de Citroën e Inditex. Ningún novo proxecto que nos encamiñe a que o sector industrial alcance o obxectivo do 20% do PIB en 2020.

Mentres, os Gobernos asisten pasivos á desaparición de procesos produtivos completos, como o téxtil; á concentración e centralización fóra do país de sectores como o financeiro ou



das telecomunicacións; ou ao desmantelamento de actividades estratéxicas como a produción de aluminio, ferroliaxes ou xeración de electricidade.

Neste contexto, a clase traballadora galega non pode ficar pasiva;

é preciso intensificar a mobilización social, provocar un cambio favorábel na correlación de forzas para logramos revertir estas políticas neoliberais inxustas e antidemocráticas e saírmos da crise nas mellores condicións.

A CIG, primeira forza sindical do país

A catro meses do remate do período concentrado de eleccións sindicais, a CIG avanza na súa posición como primeira forza. A central chama a reforzar o traballo e apela a clase traballadora a garantir co seu voto unha representación que defenda, de xeito inquebrantábel, os seus dereitos.

O avance da CIG non só é a nivel nacional. En comarcas como Vigo, Ferrol, A Coruña, Pontevedra e Compostela é primeira forza con porcentaxes superiores, ou de arredor do 30%. Tamén na Administración pública, na construción, na sanidade, na industria, no ensino público ou no sector servizos.

Resultados que reafirman a crecente confianza no modelo sindical que

representa a CIG fronte ao sindicalismo español: un sindicalismo galego, reivindicativo, de base, participativo e afastado do pacto cos poderes.

Faise imprescindible consolidar esta posición e reforzar a organización e a base afiliativa. Porque hoxe só a CIG está en disposición de enfrontar a patronal e de encabezar a mobilización. Unha mobilización que force o Goberno e a Xunta a dar un xiro radical e a derogar as reformas laborais, os recortes, o retroceso nos dereitos e nas liberdades democráticas e a recoñecer o carácter plurinacional do Estado. Cuestións imprescindibles para avanzarmos como clase traballadora e como pobo galego.

O persoal das contratas de R, en pé contra a deslocalización dos servizos e do emprego

No ano 2015, a operadora vasca Euskaltel adquiría R Cable e Telecomunicacións asegurando que mantería "as respectivas marcas, estruturas locais e equipos profesionais". Porén, a realidade foi ben distinta: ao tempo que fomentaba a imaxe galega de R, Euskaltel iniciaba un proceso de reestruturación e deslocalización do traballo fóra de Galiza, tanto na principal como nas súas auxiliares.

O anuncio de que Euskaltel entregáballe á súa subcontrata ZTE os servizos de mantemento e operacións da rede que até o de agora realizaban compañías como Comfica, Colabora, Plexus ou Indra e que estes pasarían a prestarse dende Asturias e Euskadi, fixo saltar todas as alarmas. Pero este traslado non é anecdótico, senón que afecta a todas as actividades (mantemento, enxeñaría e desenvolvemento de rede, atención ao cliente, etc.), deixando no aire o futuro de máis dun milleiro de empregos.

Ante a incerteza xerada, o persoal está a desenvolver un intenso calendario de mobilizacións e folgas que, no caso de Comfica, facilitou chegar a un acordo coa dirección, polo que esta se compromete a recolocar o persoal afectado noutros departamentos, se non hai subrogación.

Mais este acordo non é garantía de nada e os plans de R seguen adiante, aínda que devagar, nun intento de desactivar a resposta sindical e minimizar o rexeitamento social que xera esta decisión empresarial. De aí que as traballadoras e os traballadores xa teñan convocado un novo calendario de protestas para este mes de setembro, que arrincarán o 10 de setembro cunha concentración ás 19:30h diante da sede de R no Obelisco da Coruña.

O papel dos fondos de investimento

Atrás destes movementos están os fondos de investimento que posúen boa parte das accións de Euskaltel e que teñen como único



obxectivo tirar a maior cantidade de beneficios no menor tempo posíbel, sen importarlle nin o servizo que se presta, nin o impacto na economía e no emprego local, nin o respecto á pluralidade lingüística.

Esta reestruturación segue a pauta do proceso de concentración e centralización aplicado polas grandes compañías do sector: adelgazamento do cadro de persoal propio, fraccionamento e externalización dun único proceso de produción en varias empresas para abaratar custos, e traslado das estruturas de mando, principalmente a Madrid e Barcelona.

De feito, as actuacións de Zegona (previsíbel porta de entrada de Virgin no mercado de telecomunicacións

español) son tema de debate no Parlamento vasco, preocupado pola continuidade da Administración no accionariado, o traslado da sede ou a perda de emprego.

A Xunta debe intervir

Nesta liña, a CIG reclama da Xunta unha implicación activa, que tome a iniciativa e que presione como Administración e como cliente estratéxico, para frear o traslado de servizos e emprego, mais tendo en conta que R naceu como empresa galega, recibe millonarias subvencións públicas e factura millóns de euros ao ano polo negocio coas administracións. A central nacionalista insta a Consellaría de Industria a convocar de inmediato unha xuntanza con todas as partes implicadas (Goberno, R Cable, auxiliares e sindicatos), pois xa se comprometeu a principios de agosto a facer esta xestión.



Defender a nosa industria para termos futuro

A crise de Alcoa, Ferroatlántica e térmicas amosa a necesidade dun Plan Galego de Política Industrial

O índice de produción industrial segue en caída libre e nos seis primeiros meses de 2019 acumula unha diminución do 7%. Este é un dos indicadores que evidencian a situación crítica da actividade manufactureira e enerxética en Galiza, que pasou de representar un terzo da economía do país a quedar no 25% e que enfrenta novas ameazas tras a confirmación da venda do complexo de Ferroatlántica a un fondo estadounidense, o anuncio de Alcoa de parar 32 cubas de electrólise, a inactividade da central das Pontes e Meirama e a falta dun novo marco enerxético.

Dende 2008, en Galiza perdéronse preto de 50.000 empregos na industria, aceleráronse os procesos de peche e deslocalización en sectores estratéxicos, e recortouse a produción e as condicións salariais e laborais baixo o mantra de 'gañar competitividade'.

Neste tempo, o Goberno de Feijoo limitouse a manter unha fraudulenta postura reivindicativa, sen vontade de exercer as competencias en materia industrial e utilizar no beneficio do país os recursos propios, como a xeración de enerxía. Así, dáse o paradoxo de que Galiza é a comunidade máis afectada pola crise das electrointensivas ao concentrar o maior número deste tipo de fábricas, malia ser dos territorios que máis electricidade producen.

A situación actual, cando xa se anuncia unha nova recesión, deixa un panorama desolador do que Alcoa, Ferroatlántica ou a central de Endesa son bos exemplos. Nestas tres empresas, o persoal está en pé de guerra na

defensa dos empregos e a continuidade dunha actividade que constitúe o motor económico de cada unha das comarcas nas que se asenta.

Deslocalización e especulación

En Alcoa, a problemática trasládase agora ao complexo de San Cibrao, ameazado pola parada de 32 cubras de electrólise. A falta dun Goberno no Estado e a incapacidade do PSOE para aprobar un estatuto do consumidor electrointensivo que garanta un prezo xusto, estábel e competitivo da enerxía, comprometen a serio a viabilidade das factorías, creando, xunto á reforma laboral, un cóctel perfecto para facilitar os plans de Alcoa.

O prezo da enerxía tamén é un problema para outra electrointensiva como Ferroatlántica, pero neste caso os manexos da empresa revisten maior gravidade ao gozar da concesión pública para explotar as centrais hidroeléctricas do Xallas e Río Grande. A Xunta (con plenas competencias para

frear esta operación fraudulenta) permanece pasiva, sen esixir o preceptivo plan de viabilidade e obviando os riscos para as fábricas de Cee e Dumbría.

Mentres, Endesa (propiedade da italiana Enel), escudándose no proceso de transición enerxética, ten paralizada dende hai catro meses a central das Pontes sen presentar ningunha alternativa industrial, malia levar 40 anos obtendo millónarios beneficios a conta de explotar e espoliar o noso territorio.

Impulsar unha industria forte

Para revertir esta tendencia, precisamos un Plan de Política Industrial que propicie unha industria forte, xeradora de emprego e que apoie aqueles sectores que son os motores básicos da nosa economía; e que o Goberno galego sexa o impulsor do desenvolvemento económico e industrial investindo directamente nas empresas ou por medio de compañías mixtas de capital galego.

Por un monte galego con futuro e contra o cambio climático

No actual contexto de mudanza climática o papel dos ecosistemas forestais vai resultar chave para mitigar os efectos do quecemento global, como reservorios de carbono mais tamén como fornecedores de servizos ecosistémicos, como o mantemento da biodiversidade, a regulación do ciclo da auga, a fertilidade do solo, a capacidade de purificación da auga e do ar ou a loita contra a erosión entre outros.

Porén, no borrador da Estratexia Galega contra o Cambio Climático só interesa fixar máis carbono en máis madeira o máis rápido posíbel, o que potenciará o cultivo do eucalipto e doutras especies de crecemento rápido. Ademais, o Plan Forestal que tramita a Xunta de Galiza promove a ocupación de 35.000 hectáreas máis de eucalipto sobre un exceso, que xa hai, de 300.000 ha con respecto á planificación anterior.



Así o denuncian organizacións sindicais (entre elas a CIG), organizacións ecoloxistas e do mundo rural que, con ese motivo, teñen convocada unha manifestación nacional para o vindeiro día 20 de outubro, en demanda de que as Administracións galega e estatal aposten por unha planificación para o monte galego que teña en conta o actual contexto de perda acelerada de biodiversidade e dos efectos do cambio climático; en demanda da anulación da

proposta de revisión do Plan Forestal de Galiza e contra a privatización dos montes veciñais en man común.

Unha mobilización da que serán antesala as que se convoquen na xornada mundial polo clima, prevista para o día 27 de setembro. Porque na Galiza, a loita contra o cambio climático pasa por defender, entre outras cuestións, outra xestión do monte acorde coa actual emerxencia climática e a perda de biodiversidade.

Todas as empresas do aeroporto de Santiago irán á folga os días 13, 20 e 27 de setembro

O persoal de todas as empresas que operan no aeroporto da capital de Galiza, o "Rosalia de Castro", está chamado a secundar unha folga que se desenvolverá os días 13, 20 e 27 de setembro, entre as 4:30 e as 10:30 horas. Unha convocatoria histórica, tal e como explica o delegado da CIG en AENA e portavoz do comité de folga, Pablo de Prados, porque "é a primeira vez que unha folga no sector aeroportuario atinxe a todas as traballadoras e traballadores de todos os departamentos, desde o das compañías aéreas até o de seguridade, limpeza, combustibles, restauración ou mesmo Correos".

A folga convócase en demanda do mantemento da cantina, mais tamén para combater a cada vez maior precariedade e temporalidade que sofre o persoal do sector aéreo; o constante aumento da carga de traballo; a falta de persoal en horario nocturno; a supresión encuberta do servizo de enfermaría do aeroporto e o custo do aparcamento, polo que o persoal ten que pagar entre 20 e 30 euros ao mes, sen ningunha outra alternativa.

O conflito iniciouse no mes de marzo porque o peche do servizo de cantina obrigaría o persoal a pagar, nas cafeterías de viaxeiros/as, o dobre do que agora pagan por un menú, un café e un boca-

dillo. Un gasto insostíbel dados os "salarios precarios –algúns nin chegan aos 500€-, que teñen moitos traballadores e traballadoras de moitas das empresas".

Desde aquela remitíronse escritos tanto á dirección de AENA como á do aeroporto Rosalia de Castro; sucedéronse mobilizacións de todo tipo; houbo mocións e pronunciamentos tanto do Parlamento de Galiza, como do concello de Santiago, e mesmo mediou a Subdelegada do Goberno en Galiza, Pilar López-Rioboo. "Logo de todo isto, AENA nin se dirixiu, nin se reuniu unha soa vez, coa coordinadora do comité intercentros, por iso nos vemos abocados á folga".